

A MALETA LITERARIA



CONTOS PARA UN PLANETA

A MALETA LITERARIA

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través do seu **Centro de Documentación Ambiental**, pon a disposición de todos os centros educativos de infantil e primaria unha colección de contos para achegarse á natureza a través da literatura.



Trátase dunha selección de recursos motivadores para a educación ambiental, mais tamén para a animación á lectura, para imaxinar, divertirse, e emocionarse coas súas personaxes e historias.

A maleta literaria pretende que os nenos e nenas de idades temperás se acheguen a mundos máxicos que están moito máis preto do que se imaxinan. Coñecerán criaturas e seres increíbles que son imprescindibles para a vida na terra. E aprenderán a relacionarse co mundo que lles rodea.

A maleta literaria apoia os Obxectivos número 13 “Acción por el Clima”, 14 “Vida submarina” e 15 “Vida e Ecosistemas Terrestres” dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030).

CONTOS QUE INCLÚE A MALETA




A fraga do meu avó

Autoras: Alicia Borrás, Gloria Sánchez; Mamá Cabra; ilustracións de María Lires.

Editorial: Galaxia

Ano: 2019

Sinopse: A fraga do meu avó está chea de árbores, animais e vida, pero agora vese rodeada de eucaliptos e de xente que tenta cortala. Para concienciar da problemática dos bosques autóctonos e dos espazos naturais, nace este traballo, cheo de poesía, música e ilustracións, para chegar ao corazón de todos e de todas, para que os nenos e nenas sigan gozando de espazos de vida coma este. Espazos que tan ben coidaron os nosos avós.



A bolboreta Doreta


Autoras: Mª Teresa Santamaría Hervella, Marta Álvarez Miguéns

Editorial: Baía

Ano: 2008

Sinopse: A aparición dunha bolboreta no patio de xogos dunha Escola Infantil serve para que nenos e nenas, axudados pola profesora, organicen unhas actividades coas que coñecerán todo sobre estes

sorprendentes e fermosos insectos. Este conto forma parte dun proxecto de investigación levado á práctica pola mestra e as alumnas e alumnos de Educación Infantil da Escola de Vilaza. Narra o proceso da súa investigación e obtivo o Premio á Innovación Educativa sobre o tema transversal da educación ambiental.



A árbore da escola

Autores: Antonio Sandoval, Emilio Urberuaga.

Editorial: Kalandraka

Ano: 2016

Sinopse: Esta historia narra a relación entre un neno e unha pequena árbore que vai medrando no patio dun colexio, grazas ao agarimo que recibe del, e ao afecto doutros compañeiros que seguen o seu exemplo. Malia a reticencia inicial a que interactuaran coa árbore, a propia mestra acaba sumándose tamén á iniciativa dos alumnos, que conseguen chamar a atención dos botánicos.



Manuela

Autoras: R. J. Peralta, Blanca Millán.

Editorial: Bolanda

Ano: 2017

Sinopse: Manuela vivía nunha casa de pedra cunha chimenea quentiña e moito terreo arredor. Mais o que máis lle gustaba era acompañar á súa nai á praza da cidade. Soñaba con pertencer a ese mundo así que, en canto puido, marchou a vivir alí. Pero na cidade non todo era como ela pensaba. Cantas voltas tivo que dar Manuela para descubrir, por fin, cal era o seu lugar no mundo.



Sementes de papel

Autoras: textos e ilustracións, Bea e Silvia Gil.

Editorial: Baía

Ano: 2013

Sinopse: O bosque corre un grave perigo! Cegada polo seu desexo de escribir unha fermosa historia, Eyla destruíu o seu equilibrio e está convertendo as árbores en papel. Mentres, Naia responde decidida á chamada de auxilio dos animais.

Unha fábula que nos convida a plantar a nosa propia semente para protexer os tesouros vivos cos que compartimos a Terra.




Benxamín, o cachalote que quería ser golfinho

Autoras: Paula Carballeira, Blanca Millán.

Editorial: Triqueta Verde

Ano: 2018

Sinopse: Na illa de Ons vive Benxamín, un pequeno cachalote que devece por saltar, cantar e recitar poesía. Benxamín quere ser coma os golfinhos que son os únicos que o fan. Pero, por mais que Benxamín o intenta só a súa amiga, a tartaruga Minerva, que aínda que lle chaman boba é moi lista, o escoita e lle sorrí. Unha fermosa historia para coñecer un pouco máis a fauna e flora da terra galega.



A promesa do cabezolo


Autores: Jeanne Willis, Tony Ros.

Editorial: Alvarella

Ano: 2018

Sinopse: Foi no lugar en que o salgueiro bica a auga onde o cabezolo topou a eiruga. Miráronse aos ollos ... e namoraron.

Pero todo o mundo sabe que os cabezolos se transforman, e as eirugas tamén. Cambiará isto o amor que senten o un pola outra? A transformación dun cabezolo en ra e dunha eiruga en bolboreta permítenos falar do fenómeno da metaformose. Tamén podemos debuxar e analizar o ciclo da vida.




A horta de Simón

Autora: Rocío Alejandro.

Editorial: Kalandraka

Ano: 2018

Sinopse: Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu poñer tamén leitugas, tomates, berenxenas... E a horta tanto medrou, que se encheu de hortalizas e duns laboriosos agricultores. Este conto é un eloxio ao traballo colectivo, á convivencia en harmonía e ao contacto coa natureza. X Premio Compostela para Álbums Ilustrados.




Bosque

Autora: Sandra Dieckmann.

Editorial: Instituto Monsa de Ediciones.

Ano: 2018

Sinopse: Esta é a emotiva historia dun oso polar, que se ve arrastrado lonxe do seu fogar, onde os demais animais lle temen e o evitan. Ata que un día, observan como intenta facer algo increíble... este libro ilustrado móstranos a difícil situación na que se atopan os osos polares a causa do cambio climático. Unha historia para aprender a axudar aos demais.




El ratón y la montaña

Autores: Antonio Gramsci, Laia Domènech.

Editorial: Milrazones

Ano: 2017

Sinopse: Un ratón bebe a leite dun vaso. Un neno chora desesperado porque agora xa non ten nada que comer. O ratón apenado decide ir a buscar a leite para o neno. Pídella á cabra, que para dar leite necesita herba. Pídella ao campo, que para dar herba necesita auga. Pídella á fonte, que para dar auga necesita que arreglen as pedras caídas. Finalmente o ratón fala coa montaña: promételle que se o neno recibe a súa leite, volverá a poblar a montaña de árbores e vida. Unha historia triste, pero chea de esperanza. Porque ningún obxectivo é demasiado grande se nos esforzamos por conseguilo.



Xaime e as landras

Autoras: Tim Bowley, Inés Vilpi.

Editorial: Kalandraka.

Ano: 2017

Sinopse: Xaime prantou unha landra que xerminou e creceu, pero non todas as landras prantadas chegan a ser árbores... un fermoso conto para aprender o ciclo da vida das plantas.



Olivia y las plumas

Autoras: Susanna Isern, Esther Gili.

Editorial: Kireei

Ano: 2017

Sinopse: Olivia ten un don especial: pode comunicarse cos animais. Grazas a ese don, un día descubre que os peixes do río non saben como facer para chegar ao mar e lle piden axuda.

Acompañándoa na súa misión, aprenderemos unha gran cantidade de cousas sobre as aves. Unha historia máxica para reflexionar sobre o mundo no que vivimos e a relación que temos co planeta.



Dulce canto de un pájaro en el jardín


Autores: Víctor J. Hernández ; ilustraciones, Eduardo Rodríguez

Editorial: Tundra

Ano: 2017

Sinopse: Este conto achéganos á historia de Jimena, unha nena que un día cree escoitar palabras intelixibles no canto dun

paxaro. Cando lle comenta o descubrimento aos seus pais, deciden ir xuntos ao bosque en busca dun naturalista. Unha mensaxe escondida no canto dun paxaro cercano? Que nos conta sobre a nosa convivencia coa natureza nos pobos e cidades?



En busca de lo salvaje

Autoras: Megan Wagner Lloyd ; ilustraciones de Abigail Halpin.

Editorial: Errata Naturae.

Ano: 2018

Sinopse: A natureza está moito máis preto de ti do que pensas, só tes que saber onde mirar. Serás capaz de atopala? A apenas uns pasos dunha boca de metro, unha simple folla captará a atención duns nenos, conducíndoos a unha marabillosa aventura que os alonxará da súa cidade para mergullarse en toda a beleza do mundo salvaxe.



Xa non son malo

Autoras: Paula Merlán e Blanca Millán.

Editorial: Antela Editorial

Ano: 2021

Sinopse: Lobo Feroz vive nas Fragas Floridas co seu amigo Ourizo Rufo. Xuntos vixían os bosques e reciclan o lixo que atopan polo camiño. Aínda así, algúns desconfían del. Lobo Feroz xa non é malo, pero... será quen de demostralo? Unha fermosa historia sobre a natureza, a amizade, e sobre todo, sobre as segundas oportunidades.



Alguien se ha tragado a Lola

Autoras: Sarah Roberts ; ilustracións de Hannah Peck.

Editorial: Bruño.

Ano: 2019

Sinopse: Lola é unha bolsa de plástico que flota desorientada no mar. Varios animais intentan tragala ata que unha tartaruga o consegue. Lola quédase atascada na gorxa da pobre tartaruga, que nada asustada ata alcanzar a praia.

A MAXIA DE CONTAR HISTORIAS

A narración oral dun conto é unha actividade amena e divertida. Axuda aos nenos e nenas a imaxinarse a historia que están a escoitar, potenciando a súa capacidade de comprensión, curiosidade e creatividade. Ademais, o tempo que os adultos comparten cos pequenos nese espazo de lectura é único, axudando a potenciar o vínculo afectivo entre eles.

Quen é capaz de esquecer os contos que lle contaron na infancia?

Organizar unha actividade de contacontos na escola pode resultar moi enriquecedor, tanto para o persoal docente como para o alumnado. Os nenos e nenas gozarán das historias, e achegaranse ás cuestións ambientais dunha forma diferente, sen esquecer o seu potencial como actividade de animación á lectura.

Empregar espazos exteriores como o xardín do colexio para realizar esta actividade pode ser aínda máis estimulante! A natureza está chea de cheiros, sons, sensacións... é o mellor espazo para despertar os seus sentidos e potenciar o vínculo coa natureza máis próxima.



O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

O Centro de Documentación Ambiental do CEIDA é único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:

<https://documentacion.ceida.org>

CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:

documentacion@ceida.org - 981 630 618